

I PREMIO WE SEA-UDC 2022 A TRABALLOS FIN DE GRAO E MESTRADO EN SUSTENTABILIDADE E ECONOMÍA CIRCULAR

A Universidade da Coruña e Conservas Rianxeira S.A.U., esta a través do seu programa de Responsabilidade Social Corporativa “We Sea”, convocan o “I Premio We Sea–UDC aos mellores traballos de fin de grao e traballos de fin de mestrado en materia de sustentabilidade e economía circular”.

A Universidade da Coruña, como institución pública de educación superior, desenvolve actividades de formación, investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico, e está interesada en colaborar cos sectores socioeconómicos para asegurar un dos fins da formación e a investigación, que é a innovación e a modernización do sistema produtivo, así como en iniciativas que incidan no respecto ao desenvolvemento sustentable.

Ao tempo, Conservas Rianxeira S.A.U (Jealsa) reúne no seu programa de Responsabilidade Social Corporativa, We Sea, todas as accións da compañía en materia de sustentabilidade. We Sea articúlase en cinco eixes de actuación diferentes: a pesca e compra responsable, as políticas de calidade, a aposta polas enerxías renovables, o medio ambiente, o compromiso social e a inversión en I+D+i para o desenvolvemento dunha economía circular.

Desta colaboración público privada e ao abeiro do convenio asinado entre ambas entidades, nacen estes premios que se regulan de acordo coas seguintes

BASES

I. OBXECTO

Esta convocatoria ten por obxecto o recoñecemento daqueles Traballos de Fin de Grao (TFG) e Traballos de Fin de Mestrado (TFM) **defendidos ao longo do ano 2022** que mellor integren as dimensións da sustentabilidade nos seus proxectos e que sexan merecedores dun especial recoñecemento pola súa claridade, orixinalidade, definición de obxectivos, pertinencia e relevancia, metodoloxía da investigación utilizada, análise de resultados, aspectos formais do traballo e proxección que poida acadar no ámbito da sustentabilidade e a economía circular.

II. REQUISITOS

Poden ser candidatos/as nesta convocatoria os/as estudantes da UDC que defenderon os TFG e TFM no ano 2022. Os/as candidatos/as, polo feito de se presentaren, outorgan permiso á Oficina de Medio Ambiente da Universidade da Coruña (OMA-UDC) para publicar o traballo, na forma de memoria publicable, unha vez revisada de acordo coas indicacións da Comisión de avaliación.

Código Seguro De Verificación	1AMFQ6d2EBISrHtkTaFPzw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Infraestruturas e Sustentabilidade - María Amparo Casares Gallego	Asinado	16/03/2023 10:59:06
Observacións		Páxina	1/6
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/1AMFQ6d2EBISrHtkTaFPzw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



III. PREMIOS

Os premios concederanse en réxime de concorrencia competitiva entre os estudantes da Universidade da Coruña (UDC), e a convocatoria e toda a información e fases difundiranse, entre outros medios, no taboleiro electrónico da UDC e na súa web.

O premio ao mellor TFG será de 1.000 € e unhas prácticas remuneradas de 3 meses.

O premio ao mellor TFM será de 1.000 € e unhas prácticas remuneradas de 3 meses.

Así mesmo, en cada modalidade concederanse dous accésits. Cada traballo premiado e os accésits recibirá un diploma acreditativo e a publicación nunha colección da UDC.

Conservas Rianxeira S.A.U (Jealsa) faise cargo de abonar os premios en metálico así como de todos gastos derivados das prácticas remuneradas.

As prácticas estarán remuneradas con 650€ brutos mensuais e realizaranse en calquera centro de traballo da sociedade de Conservas Rianxeira S.A.U (Jealsa), situados na comarca de Barbanza (costa norte da ría de Arousa). O resto de condicións relativas á realización destas prácticas serán pactadas entre Conservas Rianxeira S.A.U (Jealsa) e as persoas premiadas. Estas poderán aceptar ou rexeitar de forma independente o premio en metálico e/ou as prácticas remuneradas.

O pagamento do premio en metálico efectuarase por Conservas Rianxeira S.A.U (Jealsa) mediante transferencia á conta bancaria indicada polo/a alumno/a da que deberá ser titular. En ningún caso o outorgamento destes premios terá custo económico para a Universidade da Coruña, agás os relativos á publicación dos traballos.

IV. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

Os/as candidatos/as deben cubrir o [FORMULARIO EN LIÑA](#) e descargalo para o seu rexistro, dirixido á Vicerreitoría de Infraestruturas e Sustentabilidade e coa Referencia ou asunto “Premios We Sea-UDC”.

Este formulario de solicitude presentarase no Rexistro Electrónico da UDC, ou ben no Rexistro Xeral da Universidade da Coruña (Maestranza, 9, 15001 A Coruña) ou nos rexistros auxiliares do campus da Coruña ou do campus de Ferrol. Asemade, poderán presentarse por calquera dos procedementos previstos no Artigo 16.4 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Ademais de cubrir o formulario en liña e entregalo no rexistro, a persoa solicitante deberá enviar ao correo oma@udc.gal a seguinte documentación (non hai que subir esta documentación á sede electrónica ou rexistro):

- **Memoria publicable** do traballo (TFG ou TFM), en formato pdf

Así mesmo, o formulario en liña solicitará a ligazón ao TFG ou TFM no RUC (repositorio institucional da UDC), de estar dispoñible. En caso contrario, e con posterioridade, a

Código Seguro De Verificación	1AMFQ6d2EBISrHtkTaFPzw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Infraestruturas e Sustentabilidade - María Amparo Casares Gallego	Asinado	16/03/2023 10:59:06
Observacións		Páxina	2/6
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/1AMFQ6d2EBISrHtkTaFPzw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



comisión de selección podería solicitar ao/a candidato/a a versión íntegra do traballo que se someteu a lectura e cualificación na correspondente convocatoria.

V. PRAZO DE SOLICITUDE

O prazo para a presentación de solicitudes no Rexistro vai desde o día seguinte á publicación desta convocatoria no taboleiro electrónico da UDC, e remata ás 14:00 h do día 22 de abril de 2023.

Terminado o prazo de solicitude e revisadas as solicitudes, a OMA-UDC fará pública no taboleiro electrónico da UDC a listaxe das solicitudes admitidas e, de ser o caso, non admitidas, indicando as razóns das posibles exclusións. As persoas interesadas disporán dun prazo de 5 días hábiles para corrixir as deficiencias indicadas, publicándose a continuación a listaxe definitiva.

VI. CRITERIOS DE CONTIDO, COMPOSICIÓN E FORMATO DA MEMORIA PUBLICABLE

A memoria publicable do traballo (TFG ou TFM) a enviar ao correo oma@udc.gal será elaborada pola persoa candidata conforme aos seguintes criterios:

- Extensión e contidos: até un máximo de 20 páxinas e 5000 palabras. A Memoria publicable non precisa incorporar todos os aspectos formais do TFG ou TFM, como o resumo en tres idiomas ou se se acadaron os obxectivos formais da formación en relación ao título, competencias, etc. Recoméndase centrala no aspecto ou contido fundamental e mais orixinal ou máis logrado do traballo, non sendo necesario incluílo todo.

- A Memoria publicable deberá incluír necesariamente os datos de identificación (autoría, título do traballo, titulación), un resumo (<250 palabras), unhas conclusións (<350 palabras) e unha bibliografía. De ser axeitada, recoméndase a seguinte estrutura: título, resumo, introdución, materiais e métodos, resultados e discusión, conclusións, referencias bibliográficas. Neste documento farase mención explícita ás achegas do traballo en relación cos criterios de avaliación indicados na base VII desta convocatoria. Desta forma, valorarase a escrita da memoria en galego, ou acompañar unha versión en galego, como contribución aos obxectivos de normalización lingüística da UDC.

- No referido ao formato, a memoria conterá o menor número de instrucións de formato, incluírá unha liña de texto vacía como separación entre parágrafos, escrito a espazo simple e sen espazo anterior e posterior ao parágrafo.

- Os títulos de táboas e figuras escribíranse en liñas de texto (nunca como cadros de texto). O título de Táboa colocarase arriba desta, e o de Figura abaixo da mesma.

- Separarase cunha liña de texto vacía os subtítulos do texto anterior, e táboas e figuras do texto anterior e posterior.

- Limitarase o número de figuras e táboas, que serán de preferencia até 5 de cada una destas, até un máximo 10 de cada unha.

Código Seguro De Verificación	1AMFQ6d2EBISrHtkTaFPzw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Infraestruturas e Sustentabilidade - María Amparo Casares Gallego	Asinado	16/03/2023 10:59:06
Observacións		Páxina	3/6
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/1AMFQ6d2EBISrHtkTaFPzw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



- Referencias (bibliografía): Incluir mínimo 5 referencias e máximo 20, sempre citadas no texto.

VII. AVALIACIÓN

A avaliación para asignar os premios e accésits terá en conta os seguintes criterios:

- A afinidade coa temática da sustentabilidade ambiental e/ou a economía circular, que se considerará como criterio imprescindible.
- A orixinalidade do tema e a súa achega a un ou varios dos obxectivos de sustentabilidade da ONU e do compromiso social (ambiental, igualdade, normalización lingüística, cooperación, promoción da saúde...) da UDC.
- Os resultados obtidos e/ou a súa aplicabilidade práctica á mellora da sustentabilidade nos campus e centros da UDC.
- Considerarase importante a calidade da memoria publicable, que debe ser de comprensión por públicos amplos, non limitados ao ámbito experto do traballo. De ser o caso, nesta memoria farase unha avaliación crítica dos posibles efectos ambientais dos procedementos, materiais ou técnicas que se poidan derivar do traballo.
- A adecuación á totalidade das presentes bases.

VIII. COMISIÓN DE AVALIACIÓN

A Comisión de avaliación dos Premios estará composta por:

- O reitor da Universidade da Coruña ou persoa na que delegue
- A vicerreitora de Infraestruturas e sustentabilidade ou persoa na que delegue
- Angeles Claro, Directora Sustentabilidade de JEALSA
- David Cabanelas, Director Valora Marine Ingredients de JEALSA.
- Pedro Vega Marcote, profesor de Didáctica das ciencias experimentais como experto en educación para a sustentabilidade.

IX. PUBLICACIÓN DOS TRABALLOS E PROPIEDAD INTELECTUAL

Os traballos premiados publicaranse pola UDC baixo unha licenza Creative Commons Atribución-NonComercial-CompartirIgual 4.0 Internacional (CC BY-NC-SA 4.0). Con este obxectivo, os autores e autoras dos traballos premiados comprométese en entregar á OMA os orixinais dos seus traballos en formato editable (texto, imaxe, etc) que lle sexan solicitados e a atender as indicacións de revisión que lles faga chegar a Comisión de avaliación.

Código Seguro De Verificación	1AMFQ6d2EBISrHtkTaFPzw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Infraestruturas e Sustentabilidade - María Amparo Casares Gallego	Asinado	16/03/2023 10:59:06
Observacións		Páxina	4/6
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/1AMFQ6d2EBISrHtkTaFPzw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



X. PUBLICIDADE

Os premios serán entregados durante un acto público organizado polas entidades convocantes. As persoas gañadoras aceptan a difusión do seu nome e imaxe, de ser o caso, así como o título e resume do traballo premiado, nas comunicacións de carácter informativo ou divulgativo realizadas pola UDC e/ou por Conservas Rianxeira S.A.U.

XI. TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

De conformidade co artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativa á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral sobre protección de datos ou RGPD), comunicámoslle que a información proporcionada a través deste formulario será tratada baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cuxos contactos son: Oficina de Medio Ambiente, Ed. Xoana Capdevielle, Campus de Elviña, 15008-A Coruña, teléfono 881 015 688, correo electrónico oma@udc.gal, co obxectivo de xestionar os premios We Sea-UDC aos traballos de fin de grao (TFG) e fin de mestrado (TFM).

Estes datos serán tratados durante o tempo imprescindible para alcanzar este obxectivo e serán conservados durante o período adicional dun ano ao remate das accións previstas no respectivo premio We Sea-UDC aos traballos fin de grao e mestrado.

Ao cubrir este formulario, vostede acepta expresamente dito tratamento con propósito de cumprir a finalidade descrita e terá dereito a retirar ese consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos.

Ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, a rectificación ou a eliminación dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá o dereito de opoñerse a este tratamento, así como solicitar, coa excepción dos casos de interese público e / ou exercicio dos poderes públicos, a portabilidade dos seus datos. Pode exercer estes dereitos a través dun escrito asinado e unha fotocopia do seu DNI enviados ao seguinte enderezo: Oficina do Medio Ambiente, Ed. Xoana Capdevielle, Elviña Campus, 15008-A Coruña, ou correo electrónico oma@udc.gal, coa referencia "protección de datos".

Ademais, ten dereito a presentar unha reclamación diante da Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

XII. CONFIDENCIALIDADE

As entidades participantes e as persoas que, no seu nome e de ser o caso, interveñan nalguna fase da xestión desta convocatoria deberán gardar o debido segredo sobre os datos persoais dos que sexa responsable a universidade e aos que tivese acceso como consecuencia do desenvolvemento desa actividade. Neste caso, a Universidade da Coruña poderá esixirlles a sinatura dun acordo de confidencialidade.

Código Seguro De Verificación	1AMFQ6d2EBISrHtkTaFPzw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Infraestruturas e Sustentabilidade - María Amparo Casares Gallego	Asinado	16/03/2023 10:59:06
Observacións		Páxina	5/6
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/1AMFQ6d2EBISrHtkTaFPzw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Do mesmo xeito, o estudantado que, de ser o caso e como consecuencia da forma concreta de beneficio que lle fose concedido, accedese a datos persoais dos que sexa responsable unha entidade participante estará sometido a ese mesmo deber. Consonte o artigo 5 da Lei orgánica 3/2018 de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, esta obriga será complementaria dos deberes de segredo profesional de conformidade coa súa normativa aplicable e manterase aínda cando finalizase a relación entre as partes.

A Coruña, na data da sinatura electrónica

A Vicerreitora de Infraestruturas e Sustentabilidade por competencia delegada do Reitor

Código Seguro De Verificación	1AMFQ6d2EBISrHtkTaFPzw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Infraestruturas e Sustentabilidade - María Amparo Casares Gallego	Asinado	16/03/2023 10:59:06
Observacións		Páxina	6/6
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/1AMFQ6d2EBISrHtkTaFPzw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

